Dereito ao hábitat

Guía para o profesorado

Idea e contidos: Hábitat Social, Sociedade Cooperativa Galega
Deseño e maquetación: Hábitat Social e Martín García Fernández
Ilustracións: Jaime Eizaguirre Santillán
Coordinación e revisión: Grupo de traballo de Educación para o Desenvolvemento, ASF-Galicia
Asesora pedagóxica: Ana Sánchez Bello
Data e lugar de publicación: Abril de 2014, A Coruña
Depósito legal: C 617/2014

Licenza creative commons:
Recoñecemento – NonComercial – CompartirIgual (by-nc-sa): Non se permite un uso comercial da obra orixinal nin das posibles obras derivadas, a distribución das cales débese facer cunha licenza igual á que regula a obra orixinal.

Impreso en papel reciclado
Tipo de papel: Cyclus Offset
Gramaxes: 300 g/m^2 | 140 g/m^2
Impresión: Reprografía Noroeste S.L.
Encadernación: Legatoria S.L.L.

Índice

1. Presentación

2. Obxectivos

3. Metodoloxía

4. Actividades

    4.1. Cronograma e medios necesarios

    4.2. Contidos

    4.3. Módulos

5. Bibliografía e referencias

1. Presentación

Arquitectos Sen Fronteiras é unha Organización Non Gubernamental de Desenvolvemento integrada por persoas que cren na defensa dos dereitos humanos para acadar un mundo máis xusto promovendo o acceso universal a unha vivenda digna a través dunha transformación social.

O plan estratéxico de Arquitectos Sen Fronteiras prevé o dereito ao hábitat, entendido nun sentido amplo, como a base da estratexia de Educación para o Desenvolvemento no período 2013-2015. Como consecuencia, xorde o deseño da presente unidade didáctica 'Dereito ao hábitat', a cal atópase encadrada no proxecto de difusión do Dereito ao Hábitat a través da sensibilización e a educación formal na comunidade educativa, que ASF e a Universidade da Coruña desenvolverán durante os anos 2013 e 2014.

O seu propósito é funcionar como complemento aos aspectos expostos na materia de Educación para a cidadanía, e outras afíns como poden ser Ciencias sociais ou Educación ético-cívica, do curso 4º da ESO no referente aos Dereitos Humanos. Neste sentido, a transcendencia de dispoñer dun hábitat onde todas as persoas poidamos acadar un óptimo desenvolvemento tanto a nivel individual como colectivo, ou a necesidade de formar unha cidadanía crítica, consciente e activa, son motivos suficientes que xustifican a súa inclusión no programa destas materias.

Finalmente, indicar que non se pretende sentar cátedra sobre ningún dos temas a tratar, senón servir de impulso para unha reflexión sobre algúns conceptos relacionados co hábitat que afectan directamente a diversos ámbitos da sociedade.

2. Obxectivos

Xeral

- Motivar a reflexión do alumnado entorno ao hábitat como un sistema complexo de situacións que debe construírse colectivamente e ao que todas as persoas teñen dereito.

Específicos

- Distinguir os conceptos de hábitat e hábitat humano.
- Identificar e recoñecer situacións representativas en relación ao hábitat máis próximo de cada alumno/a.
- Familiarizarse coas ferramentas dixitais para a creación dunha cartografía.
- Analizar as situacións escollidas por cada alumno/a e interpretar os aspectos positivos e negativos de cada unha delas.
- Relacionar os elementos comúns nas diferentes situacións do hábitat de cada alumno/a.
- Identificar as características dun hábitat axeitado.
- Asimilar o concepto da complexidade do hábitat e do dereito ao hábitat a través das situacións analizadas.
- Recoñecer o concepto de construción colectiva.

3. Metodoloxía

Para acadar os obxectivos marcados, proponse unha estratexia metodolóxica con dúas características principais:

- A compoñente práctica prima sobre a teórica, procurando a participación activ a do alumnado de xeito que se logre a súa atención e interese.

- A realidade obxecto de reflexión é a próxima, a que o alumnado pode recoñecer e identificarse con ela, fomentando unha aprendizaxe significativa.

Con esta perspectiva, o núcleo da unidade didáctica vai quedar constituído por un traballo de campo a realizar polo alumnado, e mais por un tempo de exposición e debate posterior no que o material recollido servirá de apoio á reflexión. Esta secuencia implica un desenvolvemento temporal da unidade en dous módulos ou clases, que ademais deberán estar separadas no tempo para dar cabida ó traballo fóra da aula.

O primeiro dos módulos comprenderá basicamente a contextualizacion da unidade, na que o/a profesor/a presentará de xeito breve o tema a tratar, para o que disporá de material gráfico de apoio. Ademais, abranguerá a proposta do exercicio a realizar fóra da aula e mais a introdución da ferramenta dixital que se empregará para este.

O traballo de campo levarase a cabo de xeito individual para incidir na relación entre o hábitat e a experiencia persoal do alumno/a, na procura de percepcións e identificacións particulares. En esencia, o resultado será unha cartografía colaborativa da relación sensible entre o hábitat e o grupo de alumnos/as, que ademais podera superpoñer á de outras clases e institutos.

O segundo módulo tratará de por en común e xustificar o material realizado así como abrir un espazo de debate no que se poidan interrelacionar ideas e intercambiar opinións entorno ao concreto, coa cartografía elaborada como soporte para coñecer as diferentes visións do alumnado, segundo sexa o contexto que habita.

Neste sentido, a figura docente será a encargada de dinamizar a actividade e dirixir a atención cara os obxectivos perseguidos. Contará co material e as pautas necesarios para conseguilo.

Posto que a lóxica desta unidade didáctica é a de ter un breve achegamento aos conceptos relacionados co hábitat, non existirá unha avaliación específica dos coñecementos adquiridos polo alumnado senón que, en todo caso, observaranse as súas actitudes e motivacións de cara a extraer unha conclusión sobre o interese da mesma.

4. Actividades

4.1. Cronograma e medios necesarios

Propóñense dous módulos de traballo na aula de 50' cada un, e mais un traballo intermedio de investigación a realizar por cada alumno/a. O espazo entre os dous módulos na aula deberá ser de a lo menos unha semana para deixar tempo suficiente para desenvolver o traballo.

A continuación, móstrase o esquema temporal das diferentes partes da unidade:

Módulo 1	Presentación da unidade e contexto	15'
Módulo 1	Explicación do traballo intermedio	10'
Módulo 1	Explicación ferramenta dixital cartográfica	20'
Módulo 1	Enquisa de coñecementos previos	5'
Traballo intermedio	Traballo individual de campo e invesigación	Tempo a xestionar individualmente entre as dúas sesións (prevense 2h. aprox.)
Módulo 2	Presentación de traballos	20'
Módulo 2	Debate	30'

Para impartir a unidade didáctica serán necesarios:

- Documento da Unidade didáctica (Guía do profesorado e CD):

Consiste na presente documentación, a cal servirá para dar a coñecer ao formador/a os contidos e mais o guión para levar a cabo os módulos. É necesario que a persoa encargada de impartir a UD lea con atención previamente esta guía. Ademais, nos arquivos anexos no CD inclúense os materiais complementarios (imaxes para proxectar e titorial da ferramenta Crowdmap) que o/a docente empregará na aula.

- Cámara de fotos dixital:

Será necesario un dispositivo dixital co que poder facer fotografías (cámara de fotos, teléfono móbil, tableta, etc.) para que cada alumno/a poida realizar o traballo individual.

- Ordenador e conexión a internet:

Precisarase a utilización dun ordenador con conexión a internet para traballar coa ferramenta Crowdmap na aula. É suficiente cun equipo por cada 3 persoas. Así mesmo, haberá que asegurar que as persoas que non conten con equipo informático ou conexión á rede nas súas casas poidan acceder dende o propio centro educativo fóra das horas de clase.

- Pantalla e proxector:

É desexable que na aula exista un proxector e unha pantalla de proxección para que sexa máis sinxela a explicación e o traballo coa ferramenta. No caso de que non fose posible, poderíase facer igualmente a través da pantalla do ordenador.

- Encerado e rotuladores:

Utilizaranse como material auxiliar para a segunda sesión de posta en común do traballo e debate.

4.2. Contidos

Recóllense e explícanse os contidos que o/a profesor/a manexará ao longo das clases.

En xeral, estes contidos reciben aquí un tratamento máis extenso do que será preciso trasladar ao alumnado, coa intención de que o/a profesor/a dispoña dunha información abundante que lle facilite o seu dominio e lle faga posible un xeito flexible de comunicalos.

O hábitat e o hábitat humano

A definición de hábitat que fai a RAE é a seguinte: "Lugar de condicións apropiadas para que viva un organismo, especie ou comunidade animal ou vexetal". Así, por exemplo, o hábitat propio ou natural dos cactos son os desertos, o das algas o mar, o dos leóns, a sabana, e o dos osos polares, o ártico.

Mais estas condicións apropiadas non se refiren só ao lugar xeográfico onde se desenvolve a vida, senón que comprenden o conxunto de factores bióticos (organismos vivos e as competencias e interaccións entre eles) e abióticos (condicións do ambiente) que caracterizan a ese lugar. No caso dun león, por exemplo, é tan relevante para a delimitación do seu hábitat a existencia de abundante alimento ou a pouca presenza doutros depredadores que rivalicen con el (factores bióticos) como un clima seco e caloroso ou unha orografía suave que lle permita controlar visualmente o seu territorio (factores abióticos).

É dicir, o hábitat dun animal ou dunha planta é o medio no que vive, un medio cunha serie de condicionantes, que fan que sexa posible a súa vida nel.

Por analoxía coa definición inicial, para o caso do hábitat humano, podemos dicir que se trata do lugar de condicións apropiadas para que unha poboación humana desenvolva a súa existencia. Non obstante, e aquí atópase o matiz fundamental, se falabamos que os factores que condicionan o hábitat dun animal ou unha planta poden ser bióticos e abióticos, dende a perspectiva dos seres humanos, esta lista aumenta e faise máis complexa. Así, por exemplo, o arquitecto arxentino Víctor Pelli entende o hábitat humano como un sistema de situacións físicas, sociais, económicas, xurídicas, políticas, e simbólicas, que se relacionan, interactúan entre si e se complementan. Isto é, para unha comunidade de persoas existe toda unha serie de cuestións de diversa índole que afectan na definición do hábitat onde viven, algunhas das cales son físicas e tanxibles (como a climatoloxía, a xeografía, o urbanismo, etc.) e outras abstractas e vinculadas ao xeito en que esa comunidade se relaciona e se organiza (socioloxía, economía, política, cultura, etc.).

Así, no caso do hábitat dun/ha alumno/a de 4º da ESO, influirán as características da súa vivenda, a existencia ou non nas proximidades de zonas de xogo e equipamentos deportivos e culturais, a calidade do aire, ou o xeito en que se despraza ao instituto (todas elas dentro das que teñen que ver coa vertente física), así como o grao de cohesión social que poida existir no seu barrio, o nivel de seguridade que se perciba, ou a inversión en actividades socioculturais que acometa a administración municipal (atendendo ás abstractas).

Caracterización do hábitat humano

Esta suma de múltiples factores condicionantes, que ademais son variables e que interfiren uns nos outros (xa que calquera cambio nalgún deles afecta aos demais), conduce á característica máis salientable do hábitat humano: a súa complexidade. Ata no caso dunha comunidade que desenvolve a súa vida nun mesmo hábitat, o modo

en que cada un dos membros o percibe é diferente, en base a maior ou menor incidencia con que os distintos factores lles afectan (camiñar de noite por unha rúa ten unhas implicacións diferentes para unha muller que para un home, por ex.).

Atopámonos logo ante un sistema **complexo**. Isto implica que para coñecelo ou para intervir sobre el, é necesario abordalo dende todas as perspectivas posibles, tendo en conta a multiplicidade de condicións presentes e as súas interrelacións.

Ligado a esta característica e segundo se deduce do que acabamos de mencionar, o hábitat tamén é **cambiante**, xa que evoluciona no tempo á vez que o fan os factores, e **diverso**, xa que depende da persoa. De feito, incluso para un mesmo individuo, o seu hábitat posúe diferentes dimensións, diferentes capas, atendendo á escala (o barrio onde vive, o seu país, o planeta enteiro...) ou ao momento observados (o ámbito do día a día e o das vacacións ou da fin de semana, o da infancia e o de adulto, etc.).

Tanto na súa vertente física como tamén na abstracta, o hábitat humano é un medio **construído** en maior ou menor medida. É dicir, as persoas intervimos sempre sobre o noso hábitat, en primeiro lugar adaptándonos ás súas condicións naturais, e a continuación, modificándoo ou tomando decisións que lle afectan directa ou indirectamente.

Son moitas as posibles clasificacións dos hábitats humanos existentes na actualidade ou ao longo da historia en todo o planeta. A máis básica distingue entre hábitats urbanos (cidades, vilas, etc.) e hábitats rurais (aldeas, etc.). Atende á actividade predominante que se desenvolve neles, a cal acaba definindo a súa configuración física entre outras moitos aspectos.

A importancia dun hábitat axeitado

O hábitat ten unha relevancia fundamental na vida das persoas, xa que é o medio onde esta se desenvolve. Sen caer en determinismos, podemos afirmar que existe unha grande relación entre un e a outra. O hábitat inflúe na nosa forma de vida, e polo tanto, na nosa calidade de vida. Todos e todas somos conscientes por exemplo de situacións físicas (en termos de V. Pelli) do noso día a día que nos gustan (unha beirarrúa ancha e con árbores onde poder camiñar comodamente) e que nos molestan (un atasco de coches).

Por suposto, este vínculo entre hábitat e ser humano prodúcese ademais nas dúas direccións, porque as nosas accións e prácticas tamén afectan ao hábitat. Un dous exemplos máis evidentes é o do impacto negativo que a actividade humana descontrolada ten sobre a natureza (aínda que por suposto, tamén hai efectos positivos).

Xa que o hábitat onde vivimos resulta moi relevante, este debería reunir unha serie de requisitos que o fagan propicio para a vida das persoas. Falaríamos logo dun **hábitat humano axeitado** como aquel entorno necesario no que unha persoa pode desenvolver libremente as súas capacidades para acadar o seu crecemento e realización como persoa.

Tantas como factores dan forma ao hábitat humano son as características que debe comprender un hábitat axeitado. Estas non serán necesariamente as mesmas para distintas persoas ou comunidades, aínda que si podemos falar duns mínimos comúns. Así, toda persoa debería dispor de acceso á vivenda digna, á saúde e á educación, ás infraestruturas básicas de auga, saneamento, electricidade e telecomunicacións, aos espazos públicos salubres e en xeral a un entorno seguro que fomente as relacións humanas, así como a participar das decisións sobre o seu hábitat.

O dereito ao hábitat

Pola súa transcendencia, a idea da necesidade dun hábitat axeitado para as persoas está recoñecido coma un dereito fundamental do ser humano. Aparece recollido baixo a denominación de "dereito ao hábitat" (ou en ocasións tamén como "dereito á cidade") en numerosos acordos internacionais.

Destaca a súa inclusión dentro da *Declaración Universal dos Dereitos Humanos* (art. 25.1): "Toda persoa ten dereito a un nivel de vida axeitado que lle asegure, así como á súa familia, saúde, benestar, e en especial a alimentación, o vestido, a vivenda, a asistencia médica e os servizos sociais necesarios".

Forma parte tamén dun dos *Obxectivos do Milenio*, iniciativa da Organización das Nacións Unidas, concretamente do *7º Obxectivo: Garantir a sustentabilidade do medio ambiente*, no que se propón: "Mellorar substancialmente, ata o ano 2020, as condicións de vida de a lo menos 100 millóns de persoas que viven en asentamentos precarios".

Así mesmo, existe un documento específico que nace en torno a este dereito: a *Carta Mundial polo Dereito a Cidade*, promovida dende diferentes organizacións non gobernamentais e movementos populares internacionais. Posúe tres eixos principais:

- o exercicio da plena cidadanía, asegurando o benestar colectivo dos habitantes;
- a xestión democrática da cidade, a través da participación directa e activa da sociedade na súa planificación e goberno;
- a función social da cidade, onde predomine o ben común sobre o dereito individual, o que implica o uso socialmente xusto e ambientalmente sustentable do espazo urbano.

O dereito ao hábitat tamén ten cabida no artigo 7 da *Carta dos Dereitos Humanos Emerxentes*, do que destacan as seguintes ideas: todas e todos temos dereito a vivir nunha cidade que nos permita desenvolvernos como persoas, a cambiar de lugar se o cremos oportuno, a ter unha vivenda, a un entorno axeitado, a un espazo urbano atractivo, a espazos públicos accesibles, etc.

Debido ás múltiples facetas que a propia definición de hábitat humano comprende, o dereito ao hábitat é un dereito complexo, un dereito que aglutina outros moitos (educación, vivenda, etc.). A súa finalidade é a de construír un entorno no que se poida vivir dignamente, recoñecerse como parte del, e onde se posibilite a distribución equitativa de diferentes tipos de recursos: traballo, saúde, educación, vivenda e recursos simbólicos, como memoria, participación e acceso á información.

Aínda que podería parecer que o dereito ao hábitat é un dereito alcanzado na nosa realidade próxima, quedando pendente a súa conquista unicamente para países en vías de desenvolvemento ou zonas empobrecidas, por desgraza isto non é así. En Galicia temos exemplos de persoas, familias e mesmo comunidades que carecen de vivenda ou que habitan en construcións que non reúnen as condicións suficientes. Nalgunhas zonas do país, a dispersión dos núcleos habitados, a perda de poboación ou as dificultades para os desprazamentos limitan o acceso á servizos como a sanidade e a educación. Noutras, como algúns barrios moi densos das nosas cidades, o espazo público é escaso ou carece das calidades necesarias. Moitas zonas rurais non dispoñen aínda de conexión telefónica e a internet, etc. E mesmo seguen a existir poboados chabolistas onde hai persoas vivindo en condicións infrahumanas que non se teñen en conta como parte da cidadanía. Ademais, en xeral, non existen mecanismos que posibiliten a participación real dos veciños e veciñas na toma de decisións sobre os seus barrios, vilas ou cidades. Por todo isto, o dereito ao hábitat ten que estar presente coma un obxectivo a acadar entre todos e todas.

O dereito á vivenda axeitada

Un dos conceptos máis relevantes e con maior traxectoria histórica dos que teñen cabida baixo o paraugas do dereito ao hábitat é o dereito de todas as persoas a dispoñer dunha vivenda digna e axeitada.

A vivenda non é un luxo, é unha necesidade básica e imprescindible. Dalle á persoa un espazo propio onde resgardarse e sentirse segura. Tamén lle ofrece o acceso a uns servizos básicos como son a auga para beber, cociñar ou bañarse, e a electricidade. Non so é un espazo físico onde descansar senón que é o espazo onde desenvolver libremente a propia personalidade e a participación na vida comunitaria. Ademais inflúe en moitos dos aspectos da vida das persoas como poden ser a saúde, o traballo ou a educación. Unha persoa que non ten un teito baixo o que vivir, síntese marxinada fronte á sociedade.

Mais para ter a condición de "axeitada" non vale calquera vivenda, senón que debe reunir unha serie de características: seguridade xurídica (que non che poidan botar da túa casa por unha cuestión legal), privacidade e intimidade, habitabilidade (seguridade estrutural, confort, salubridade), protección fronte a elementos naturais (meteoroloxía, animais) ou intrusos, acceso aos servizos básicos (auga corrente, saneamento, electricidade, recollida de lixo), un prezo asumible, situación nunha zona con acceso a equipamentos (escola, centro de saúde, etc.) e a espazos libres.

En todo caso, dispoñer dunha vivenda non significa necesariamente tela en propiedade, xa que existen outras posibilidades distintas para acceder a ela (aluguer, cesión de uso, usufruto, etc.).

É responsabilidade da Administración velar por que todas as persoas teñan un fogar confortable onde vivir. Para iso debe poñer en práctica unha política de vivenda que facilite este acceso a través de distintas fórmulas: vivenda social, axudas ao aluguer, axudas á rehabilitación de vivendas, etc.

Como dato a ter en conta: só en Galicia a día de hoxe, existen ao redor de 2.000 persoas que non teñen un teito baixo o que vivir, é dicir, viven as 24 horas do día na rúa; á vez que na mesma comunidade hai aproximadamente unhas 300.000 vivendas baleiras, que ninguén está a utilizar. Esta situación, que se repite de maneira xeneralizada en moitas outras cidades, pon en evidencia que o dereito á vivenda non é unha realidade e que a política de vivenda en vigor non é a axeitada.

A construción colectiva do hábitat

Outro concepto incluído dentro do dereito ao hábitat que merece unha mención aparte é o da participación da sociedade de forma directa e activa na toma de decisións sobre o seu hábitat. Segundo viamos, o hábitat humano é un hábitat construído: o ser humano actúa sobre el e o adapta ás súas necesidades. Esta construción implica unha toma de decisións que alguén debe realizar. Dada a importancia que o hábitat ten nas nosas vidas, é básico que entendamos que nos corresponde un papel activo na súa conformación. Non podemos ver o hábitat no que vivimos como algo alleo a nós. Nunha sociedade democrática resulta lóxico que sexa a cidadanía quen dispoña da capacidade, o deber e o dereito de decidir que hábitat quere, de construílo colectivamente, e como consecuencia, de identificarse con el. Do contrario, arriscámonos a que o noso hábitat quede en mans de intereses que nada teñen que ver co interese común.

A participación cidadá é a ferramenta que vai permitir esta implicación. Existen mecanismos como a planificación urbana ou a política municipal a través dos cales se marcan as pautas para intervención sobre o hábitat ou para a súa xestión. Mais estes mecanismos non es-

tán o suficientemente abertos á participación democrática da cidadanía. Faise necesario que a cidadanía tome conciencia da importancia da súa implicación, á vez que dende as Administracións se deberían artellar novas fórmulas que inviten a tomar partido.

4.3. Módulos

A continuación defínense con detalle a estrutura dos módulos a impartir, marcando a pauta que debería seguir o profesorado en cada momento e suxerindo as ferramentas e os recursos que debería empregar.

Mediante os recadros grises sinálase a información que se debería transmitir ao alumnado.

4.3.1. Módulo 1

Obxectivos:

- Distinguir os conceptos de hábitat e hábitat humano.
- Identificar e recoñecer situacións representativas en relación ao hábitat máis próximo de cada alumno/a.
- Familiarizarse coas ferramentas dixitais para a creación dunha cartografía.

Actividades:

Presentación da unidade e contexto (15')

Inicialmente, farase unha presentación e posta en contexto do tema, explicando en que consiste a Unidade didáctica 'Dereito ao hábitat'.

Para iso, a persoa formadora realizará un breve achegamento a algúns dos conceptos a tratar na unidade co apoio de imaxes:

(Ver anexo 1. Material gráfico incluído no CD)

Que é o hábitat?

O hábitat defínese como "o lugar de condicións apropiadas para que viva un organismo, especie ou comunidade animal ou vexetal". Así, por exemplo, o hábitat propio ou natural dos cactos son os desertos, o das algas o mar, o dos leóns a sabana, e o dos osos polares, o ártico.

Estas condicións apropiadas non se refiren só ao lugar xeográfico onde se desenvolve a vida, senón que comprenden o conxunto de factores bióticos (organismos vivos e as competencias e interaccións entre eles) e abióticos (condicións do ambiente) que caracterizan a ese lugar.

Imaxe 1. Nesta ilustración podemos observar a representación dun hábitat natural, que podería ser do noso entorno. O xabarín, a árbore e o coello forman parte dos factores bióticos mentres que o mar, as nubes (climatoloxía) e as formas do terreo constitúen os factores abióticos.

Que é o hábitat humano?

No planeta, e máis aínda no noso país, quedan poucos hábitats naturais que non estean modificados pola acción do ser humano. As persoas intervimos sempre sobre o hábitat, en primeiro lugar adaptándonos ás súas condicións naturais, e a continuación, modificándoo ou tomando decisións que lle afectan directa ou indirectamente. Xorden así os hábitats humanos.

Imaxe 2. Nesta ilustración podemos percibir como o ser humano intervén sobre o hábitat natural e o adapta ás súas necesidades. As modificacións que realiza poden ter maior ou menor impacto, como por exemplo a preparación dun terreo para sementar ou para facer un camiño; ou a execución de grandes infraestruturas de comunicacións ou a colocación de dispositivos tecnolóxicos para obter enerxía (muíños eólicos).

Deste xeito, podemos definir o hábitat humano como o lugar de condicións apropiadas para que unha poboación humana desenvolva a súa existencia.

Consiste nun sistema de situacións físicas, sociais, económicas, xurídicas, políticas, e simbólicas, que se relacionan, interactúan entre si e se complementan. Isto é, para unha comunidade de persoas existe toda unha serie de cuestións de diversa índole que afectan na definición do hábitat onde viven, algunhas das cales son físicas e tanxibles (como a climatoloxía, a xeografía, o urbanismo, etc.) e outras abstractas e vinculadas ao xeito en que esa comunidade se relaciona e se organiza (socioloxía, economía, política, cultura, etc.).

Imaxe 3. Nesta representación dunha cidade, podemos intuír unha serie de factores abstractos, característicos dun hábitat humano e non dun natural: os simbólicos, como o cruceiro ou a igrexa, os económicos como certas actividades que se están a desenvolver (transporte público, postos de venta) ou os sociolóxicos como as interaccións entre as persoas que se producen na praza (conversas, xogos, etc.).

Como é o hábitat humano?

Ademais de salientar a diferenza entre o concepto de hábitat e hábitat humano, podemos falar dunha serie de características que caracterizan ao hábitat humano e que son as seguintes:

A **complexidade** do hábitat, como a suma dos múltiples factores condicionantes (tanxibles e abstractos) dos que falabamos anteriormente, os cales son variables e interfiren uns nos outros (xa que calquera cambio nalgún deles afecta aos demais).

Por exemplo, para o caso dunha comunidade que desenvolve a súa vida nun mesmo hábitat, un gran aumento demográfico vai a producir modificacións na súa contorna física ou social xa que deberá adaptarse a esta nova situación para incluír a nova poboación. Ou no caso dunha catástrofe natural como pode ser un incendio, a incidencia dos cambios físicos vai a ser decisiva tanto na psicoloxía da comunidade como na súa economía.

Imaxe 3. Coa mesma ilustración, preténdese amosar como a converxencia desa multitude e variedade de factores nun mesmo hábitat fan del un espazo complexo.
Así, nesta representación do que ocorre en calquera cidade concéntranse aspectos físicos como o clima (nubes) ou a xeografía (mar, montañas), culturais (quiosco de música), simbólicos (cruceiro), económicos (comercios), etc.

Ligado a esta característica da complexidade e segundo se deduce do que acabamos de mencionar, o hábitat tamén é **cambiante**, xa que evoluciona no tempo á vez que o fan os factores, e **diverso**, xa que depende da persoa. De feito, incluso para un mesmo individuo, o seu hábitat posúe diferentes dimensións, diferentes capas, atendendo á escala (o barrio onde vive, o seu país, o planeta enteiro...) ou o momento observados (o ámbito do día a día e o das vacacións ou da fin de semana, o da infancia e o de adulto, etc.).



Imaxes 4,5,6,7. Esta secuencia de ilustracións expresa o concepto cambiante do hábitat humano. Interesa poñer en evidencia como un mesmo espazo varía no tempo en función de como o fan os factores ou situacións (a hora do día, a climatoloxía, as estacións do ano, a celebración dunha data concreta, unha festa, un mercado, etc.).



Imaxes 8, 9, 10, 11, 12, 13. Nesta outra secuencia de imaxes, represéntase a diversidade de visións que diferentes persoas poden posuír sobre un mesmo hábitat, en función dos seus intereses, condicións, personalidades, experiencias, etc. Así, por exemplo, para o pai co carriño de bebé as escaleiras supoñen unha dificultade, que pasa desapercibida aos nenos que xogan ao fútbol no campo, que limpou de follas das árbores o xardineiro que traballa no parque...

Presentación do traballo de campo (10')

A continuación da presentación explicarase o traballo de campo a realizar polo alumnado para a seguinte sesión:

Proporase ao alumnado que realicen un traballo individual entre as dúas sesións na aula, para o que se prevé un tempo de dedicación de 2 horas como máximo a xestionar polo alumnado.

O traballo consistirá na realización por parte de cada alumno/a dun mínimo de 4 fotografías de situacións próximas e representativas do seu entorno habitado. Por exemplo, relacionadas co seu día a día, o espazo da súa casa, os espazos polos que transcorren os seus desprazamentos, os espazos na escola, o espazo público, os espazos que utiliza no seu tempos de ocio, etc.

Ditas fotografías deberán axuntarse nun mapa colaborativo (explicado a continuación) e completar unha serie de datos por cada fotografía:

- título da fotografía
- día e lugar de realización da fotografía
- comentar por que lles gusta ou non lles gusta esa situación.

O alumnado disporá dun documento de apoio para guiarse a través da ferramenta Crowdmap durante o traballo individual. Nela atópanse todas as indicacións así como o material e os enlaces necesarios.

Ao comezo da segunda sesión na aula todo o traballo deberá estar recollido no mapa común para poder traballar sobre o mesmo.

Presentación da ferramenta Crowdmap (20')

Para levar a cabo o traballo de campo, ademais de facer as fotografías, o alumnado terá que utilizar unha ferramenta cartográfica chamada Crowdmap, a cal se presenta nesta parte.

A persoa formadora introducirá a ferramenta cartográfica comentando moi brevemente en que consiste unha cartografía e cal é o obxectivo de realizar este traballo.

Que é unha cartografía?

Unha cartografía é unha representación de datos espaciais. Hoxe en día, as novas tecnoloxías e o seu enfoque interactivo e colaborativo facilitan a representación colectiva da realidade a través de múltiples visións e achegas.

Cal é o obxectivo de realizar esta cartografía?

O obxectivo de realizar esta cartografía colaborativa é plasmar as diferentes realidades do hábitat próximo do alumnado de 4º da ESO en Galicia. Unha vez rematada poderemos apreciar as diferentes visións do alumnado sobre este tema.

A continuación desta introdución se explicará detalladamente o funcionamento concreto da ferramenta Crowdmap, indicando cales son os pasos a seguir para formalizar o traballo de campo individual sobre a cartografía. Ao final desta sesión o alumnado deberá coñecer o soporte común sobre o que traballarán individualmente.

(Ver anexo 2. Titorial da ferramenta, incluída no CD)

Enquisa coñecementos previos (5')

Nos derradeiros 5' da sesión facilitarase o acceso a unha enquisa dixital para coñecer a situación previa do alumnado en canto á relación que teñen cos conceptos que se tratarán no desenvolvemento das seguintes actividades.

(Ver anexo 3. Enquisa de coñecementos previos, incluído no CD)

As preguntas son as seguintes:

0. Sexo M/F

1. Pensas que o hábitat onde vives che afecta dalgunha maneira? Se é así, pon un exemplo.

2. Que características consideras que debe ter un hábitat para que nos guste vivir nel?

3. Coñeces na túa contorna casos de persoas que non habiten en vivendas en boas condicións? Se é así, que pensas que lles falta para telas?

4. Pensas que a cidadanía intervén na toma de decisións sobre a súa cidade? Se é así, como cres que o fai?

Glosario

Cesión de uso
Réxime de tenencia dunha vivenda onde os habitantes non son os propietario mais posúen o dereito de uso da mesma indefinidamente.

Colaborativo/a
Dise de algo que se fai mediante a contribución e achegas de diferentes persoas.

Interactivo/a
Dise da acción exercida reciprocamente entre varios axentes.

4.3.2. Módulo 2

Obxectivos:

- Analizar as situacións escollidas por cada alumno/a e interpretar os aspectos positivos e negativos de cada unha delas.
- Relacionar os elementos comúns nas diferentes situacións do hábitat de cada alumno/a.
- Identificar as características dun hábitat axeitado.
- Asimilar o concepto da complexidade do hábitat e do dereito ao hábitat a través das situacións analizadas.
- Recoñecer o concepto de construción colectiva.

Actividades:

O segundo módulo consistirá nunha posta en común do material elaborado. Nos primeiros 20' se presentará unha selección das fotos realizadas polo alumnado e nos seguintes 30' farase un debate arredor das situacións elixidas tratando de analizar os conceptos a interiorizar a partir dunha serie de preguntas dinamizadoras que formulará a persoa formadora.

Presentación dos traballos individuais (20')

A persoa que imparte a unidade didáctica solicitará entre 4 e 8 voluntarios/as, para que cada un deles/as presente unha das súas imaxes. A través deste achegamento ao traballo feito, pediráselles aos autores/as das imaxes que expliquen o por que da súa elección (por que lles gusta / por que non lles gusta o que fotografaron). Se o/a docente o considera mellor, poderá escoller previamente as imaxes do mapa elaborado polos alumnos/as que lle parezan representativas de diferentes ámbitos do hábitat e que considere apropiadas para introducir as ideas.

A partir das imaxes elixidas e dos datos das fichas xa implementadas na cartografía, o alumnado comentará o traballo feito e o profesor/a aproveitará para:

a) mostrar os diferentes ámbitos do hábitat (vivenda, espazo público, escola, saúde, ocio, etc), así como as diferenzas entre hábitats parellos. Por exemplo, diferenzas entre zona rural/zona urbana/zona sub-urbana, vivenda en bloque/vivenda illada, tipo de comunicacións e transportes (coche, bus, a pé), etc.

b) a través da xustificación do "me gusta/non me gusta", evidenciar como o hábitat afecta ás persoas (cada persoa pode ter visións diferentes) e inflúe de maneira directa nas súas vidas (relevancia do hábitat). Por exemplo, o deseño dun espazo é diferente para unha persoa que se despraza en coche ou en bicicleta; tamén é diferente como lle afecta un espazo sen barreiras arquitectónicas a unha persoa cunha discapacidade e a outra que non a teña, etc.

c) trasladar a idea da complexidade. Por un lado, un mesmo espazo ten diferentes connotacións segundo a persoa que interactúe con el. Por exemplo, un mercado para a persoa que vai mercar ou visitalo é diferente que para a persoa que vai traballar nel. Por outro lado, un mesmo hábitat pode ser distinto segundo o momento e os axentes e situacións que se dean nel. Non é o mesmo unha praza onde estar tomando o sol ou xogando cos nenos que cando hai un concerto ou unha protesta pública. Son, en definitiva, diferentes tipos de situacións e factores influíntes nun mesmo espazo, que á vez poden ser percibidos de diferente maneira segundo a persoa. De aquí, a complexidade do hábitat e a necesidade de ter en conta todos os factores e visións posibles na súa construción.

Debate (30')

A través dunhas preguntas dinamizadoras, o/a profesor/a introducirá unha serie de ideas vinculadas cos obxectivos a acadar para que o alumnado reflexione e exprese as súas opinións. O alumnado deberá empregar as fotografías para argumentar. A continuación expóñense as preguntas a formular e unha serie de comentarios a modo de guión para que a persoa formadora dinamice o debate:

A) Facer reflexionar sobre aqueles aspectos dun hábitat desexable e relacionalos co dereito ao hábitat (20'):

"Que características cremos que debe ter un hábitat axeitado, un hábitat que nos guste?" Podemos pasar sen algunha delas?"

Falaremos de como o hábitat inflúe de maneira directa na nosa forma de vida, e tamén ao contrario: o ser humano inflúe de maneira directa na modificación do seu hábitat. Para que un hábitat sexa axeitado e nos permita desenvolver as nosas vidas dunha maneira digna e fomentar as relacións humanas deberíamos falar como mínimo dos seguintes conceptos:

- dereito a unha vivenda digna e confortable (non é necesario que sexa unha vivenda en propiedade),
- espazo público seguro e salubre, que nos permita relacionarnos cos nosos veciños/as, xogar, realizar actividades ao aire libre, etc.
- acceso aos servizos básicos de auga e electricidade, saneamento,
- acceso aos servizos de saúde, educación, cultura, etc.

"Credes que todo o mundo ten acceso aos servizos básicos? Credes que existe moita xente na túa cidade/vila que vive en condicións non axeitadas? Onde viven? Cales son esas condicións non axeitadas?"

Comentar a existencia de hábitats non axeitados na realidade próxima e as repercusións que estes teñen na vida das persoas así como no medio ambiente. Por exemplo, a non existencia dun sistema de saneamento apropiado pode orixinar graves problemas de saúde aos habitantes dunha zona. Un espazo público mal alumeado á noite pode orixinar situacións de inseguridade.

"Considerades que a vivenda é un dereito ou un luxo? En que cres que inflúe ter unha vivenda axeitada na vida das persoas?"

Transmitir a idea de que dispoñer dunha vivenda axeitada é un dereito e non como luxo, posto que é unha necesidade básica e imprescindible que inflúe directamente en moitos aspectos da vida das persoas. A vivenda lle da á persoa un espazo físico propio onde resgardarse e sentirse seguro. E ademais, un espazo onde a persoa pode desenvolver libremente a súa personalidade e participar dentro dunha comunidade. Todo esto, inflúe a súa vez, na mellora doutros ámbitos como son a saúde, a educación ou o traballo.

"Todas as persoas teñen dereito a ter unha vivenda? E se non poden pagala?"

En todo caso, dispoñer dunha vivenda non significa necesariamente tela en propiedade, xa que existen outras posibilidades distintas para acceder a ela (aluguer, cesión de uso, usufructo, etc.).

É responsabilidade da Administración velar por que todas as persoas teñan un fogar confortable onde vivir. Para iso debe poñer en práctica unha política de vivenda que facilite este acceso a través de distintas fórmulas: vivenda social, axudas ao aluguer, axudas á rehabilitación de vivendas, etc.

A modo de reflexión comentarase o dato comparativo entre as persoas sen teito e as vivendas baleiras que existen en Galicia.

En Galicia a día de hoxe, existen ao redor de 2.000 persoas que non teñen un teito baixo o que vivir, é dicir, viven as 24 horas do día na rúa; á vez que na mesma comunidade hai aproximadamente unhas 300.000 vivendas baleiras, que ninguén está a utilizar.

"E que características debe ter unha vivenda para que sexa axeitada?"

Para falar dunha vivenda axeitada hai que falar como das seguintes características mínimo:

- seguridade xurídica (que non te poidan botar da túa casa por unha cuestión legal)
- unha vivenda que proporcione ás persoas privacidade e intimidade,
- habitabilidade (seguridade estrutural, confort, salubridade), protección fronte a elementos naturais ou intrusos e animais, acceso aos servizos básicos (auga corrente, saneamento, electricidade, recollida de lixo),
- un prezo asumible e xusto,
- situación nunha zona con acceso á escola, ao centro de saúde, etc.

B) Suxerir a idea de participación cidadá na construción e na xestión do hábitat (10')

"Quen credes que debería tomar as decisións relativas á construción do hábitat (os políticos, a cidadanía, as persoas especialistas en arquitectura e urbanismo, ...)? As decisións deben tomarse pensando nos intereses individuais ou pensando no ben común?"

O hábitat humano é un hábitat construído: o ser humano actúa sobre el e o adapta ás súas necesidades. Esta construción implica unha toma de decisións que alguén debe realizar. É básico que entenda-

mos que como habitantes dese hábitat nos corresponde un papel activo na súa conformación. Non podemos ver o hábitat no que vivimos como algo alleo a nós.

"É importante que a cidadanía sexa activa? Se é así, por que?"

Nunha sociedade democrática resulta lóxico que sexa a cidadanía quen dispoña da capacidade, o deber e o dereito de decidir que hábitat quere, de construílo colectivamente, e de identificarse con el. Do contrario, arriscámonos a que o noso hábitat quede en mans de intereses que nada teñen que ver co interese común.

"Coñecedes algún caso de intervención sobre o hábitat no que a cidadanía teñan un papel activo?"

Aquí tedes algúns exemplos:

- Los ferrolanos presentaron más de 1.200 propuestas para los Orzamentos participativos de este año.
La voz de galicia. (3 de julio de 2010)

- Más de 4.000 personas se movilizan en Cangas para pedir la "paralización de las obras del puerto deportivo de Massó.
El Correo Gallego. E.P. (9 de octubre de 2009).

- Una campaña de "crowfunding" busca fondos para convertir un almacén de la estación de A Coruña en un espacio social.
El Correo Gallego. E.P. (12 de mayo de 2013).

- 230.000 firmas encontra y 7.000 a favor de la mina de oro de Bergantiños. *El Pais*. Rodríguez, S. (31 de mayo de 2013).

- Vecinos de Sarria se encandenan a los árboles del Malecón para evitar su tala. *El Diario.* Pérez, M. (24 de febrero de 2014).

Glosario

Servizos básicos
En relación cunha vivenda, fai referencia ás subministracións de auga e electricidade e á rede de sumidoiros, así como ao servizo de recollida de lixo. A consideración como básico de un servizo evoluciona no tempo atendendo ao nivel de confort que en cada época enténdese como imprescindible, polo que na actualidade pode incluír tamén o acceso ás infraestruturas de telecomunicacións (teléfono, internet, TV).

Equipamento
Cada un dos recursos e instalacións, públicos ou privados, que satisfán diferentes necesidades da comunidade para a que se constrúen. Poden ser de moitos tipos: educativos, sanitarios, deportivos, culturais, administrativos, relixiosos, etc.

Espazo público
Aquel espazo de propiedade pública e uso público. Oponse á idea de espazo privado. Comprende tanto os espazos libres e as vías de circulación (rúas, estradas) como certos edificios públicos (bibliotecas, escolas, hospitais, etc.).

Espazos libres
Conxunto de espazos públicos destinados á estancia, ao encontro e ao goce da veciñanza. Comprenden fundamentalmente as áreas verdes (xardíns, parques), as zonas de xogo e as áreas peonís (prazas, paseos)

Dereitos
Conxunto de facultades que resultan indispensables para o desenvolvemento integral do individuo dentro dunha sociedade xuridicamente organizada.

Cidadanía
Sociedade, comunidade, conxunto de persoas dun pobo.

Planificación urbana
Ordenación da transformación dun lugar mediante instrumentos técnicos e normativos.

Construción colectiva
Deseño e xestión do hábitat que se fai contando coa implicación dos habitantes. A participación cidadá é a ferramenta a través da cal é posible a construción colectiva.

5. Bibliografía e referencias

Referencias sobre Dereito ao hábitat:

De Manuel Jerez, Esteban. (2010). *Construyendo triángulos para la gestión social del hábitat*. Revista Hábitat y Sociedad Nº1.

Sugranyes, Ana. (2010). *El derecho a la ciudad. Praxis de la utopía.* Revista Hábitat y Sociedad Nº1.

Pelli, Victor. (2010). *La gestión de la producción social del hábitat.* Revista Hábitat y Sociedad Nº1

Rubio Díaz, Alfredo. (2011). *Primeros elementos para una genealogía del derecho a la ciudad.* Revista Hábitat y Sociedad Nº2

García Rosales, Cristina. (2010). *Deseo de ciudad: arquitecturas revolucionarias.* Mandala ediciones.

Colexio Oficial de Arquitectos de Galicia. (2010). *Proxecto Terra: Educación secundaria.*

Observatori DESC. http://www.observatoridesc.org/es

Arquitectos Sin Fronteras. (2010). *A propósito do 7º Obxectivo do Milenio*. Unidad didáctica. http://asfes.org/files/descargas/7%C2%BA%20ODM.pdf

ONU Hábitat. *Carta Mundial por el Derecho a la ciudad* http://www.onuhabitat.org/indexphp?option=comdocman&task=doc_details&gid=50&Itemid=3

AVV. (2008). *A Barcelona la participación canta!.* http://straddle3.net/participacio/080220_participaciocanta_0.2.pdf

Referencias web sobre historia e exemplos de cartografías:

Cartografía. Historia de los mapas antiguos
http://valdeperrillos.com/book/export/html/1146

Orbemapa. El mundo de los mapas
http://www.orbemapa.com/

La cartoteca
http://alpoma.net/carto/

Kharita (Mapas sobre os conflitos en Oriente Medio)
http://kharita.wordpress.com/category/gaza-maps/

Observatorio Metropolitano
http://www.observatoriometropolitano.org/category/tematicas/cartografias/

Mapas Flash interactivos
http://serbal.pntic.mec.es/ealg0027/mapasflash.htm

Iconoclasistas
http://www.iconoclasistas.net/

Spermöla. Tu basura no es basura
http://meipi.org/spermola.map.php

Telegeography
http://www.telegeography.com/telecom-resources/map-gallery/index.html

Neste CD está incluida toda a documentación da Unidade Didáctica "Dereito ao hábitat" a través dunha aplicación web e en formato PDF descargable.

- Guía para o profesorado
- Anexo 1. Material gráfico
- Anexo 2. Titorial da ferramenta Crowdmap
- Anexo 3. Enquisa de coñecementos previos

Arquitectos Sen Fronteiras

hábitat social
cooperativa galega

XUNTA DE GALICIA

UNIVERSIDADE DA CORUÑA

cooperacióngalega